

RESOLUCIÓN reitoral pola que se modifica a do 8 de maio de 2025 que publicaba a oferta dos cursos de extensión universitaria para o ano 2025 no campus de Vigo

Por resolución reitoral do 8 de maio de 2025 aprobouse a publicación da oferta de cursos de Extensión para o presente ano no campus de Vigo, no que incluía a oferta do curso *Laboratorio dos sentidos II* para ter lugar do 24 de xuño ao 3 de xullo.

Recibida solicitude de modificación das datas por mor de ocupación do espazo reservado inicialmente, e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

Aprobar a publicación a modificación das datas do curso *Laboratorio dos sentidos II*, de acordo co indicado no cadro:

Nome do curso e número de horas	Lugar de celebración	Datas da celebración	Data de fin de inscrición
Laboratorio dos sentidos II	Espazo anexo/Laboratorio das Artes do MARCO	17 ao 30 de setembro e 1 a 3 de outubro de 17.00 a 20.30 horas	9 de setembro ás 23:59

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

